

Recomendación dirixida ao Concello de Ferrol debido aos ruídos dun local de ocio de Ferrol

Expediente: C.6.Q/63824/16

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] referente aos ruídos dun local de ocio de Ferrol.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que é outra veciña afectada polo ruído dun local de hostalería que molesta porque pon música pola noite e non deixa durmir aos veciños. Este local leva molestando desde a súa apertura. Puxeron numerosas queixas ao concello e aínda que cren que foi sancionado, non teñen constancia diso porque ata a data non tiveron resposta por escrito. Solicitou por escrito que se lle diga se este local pode poñer música e aínda non contestaron; pediuno o 18 de xullo. O local ten licenza para café-bar, pero traballa como pub porque organizan festas e poñen música coas xanelas abertas, xa que o local é bastante pequeno e aproveitan que están dentro dunha praza para que a xente estea tamén fóra. O seu veciño pon tapóns para durmir. Ela non pode porque ten dous fillos pequenos e non os oiría se a chamasen pola noite.

2. Ante iso requirimos información ao Concello de Ferrol, que nola remitiu. O concello confirmou os motivos da queixa, basicamente que o establecemento ten licenza de sinxelo café-bar, pero funciona con música sen ter permiso para iso. O horario derivado desa licenza tamén é limitado, polo que o establecemento non podería funcionar como un pub. O ente local sinalou que o 18-11-16 iniciou procedemento de reposición á legalidade contra o titular do establecemento, “con orde de suspensión inmediata, como medida cautelar, da instalación de música”. Sinalou tamén que achegaba fotocopia da resolución, pero non o fixo.

3. A afectada indicounos que o problema continuaba, aínda que non todos os días; nalgúns segue utilizando música, a pesar da orde municipal. De feito realizouse algunha denuncia mais (a última contra o local a fixo outra veciña, chamada [REDACTED] polo uso de música, que se

escoitaba dende a rúa. Polo que refírese ás denuncias e reclamacións achegadas ao concello sinalou que segue sen recibir ningunha resposta nin información a solicitada do concello.

4. Polo anterior de novo nos diriximos ao Concello de Ferrol.

A interesada indicounos que agora levantan a terraza sobre as 23.00 e que pechan á hora (sobre as 2.00), pero sen embargo a actividade continúa fora de seu horario dentro do local, que os clientes permanecen consumindo ás portas e entran e saen do local (teoricamente pechado), e que as veces funciona con música, a pesar de ser un sinxelo bar e da prohibición municipal.

O ente local sinalaba que presentouse solicitude de licenza para autofalantes, pero a policía local os comisou; porén, a música segue as veces, polo que pode provir doutro medio.

Asinouse requirimento ao solicitante da licenza para que achegue xustificación do seu funcionamento acorde coa normativa acústica e á policía local en relación coa continuidade ou cese da actividade aos efectos do expediente de reposición da legalidade. Despois diso non recibíuse novo informe. Non se sinalou nada da resposta ás denuncias.

O ente local seguía sen concretar que o local xa non teña música, como ordenou. Ademais existe unha solicitude pendente de informe técnico; porén, o problema polo que denuncia a reclamante na actualidade é o ruído que provén da rúa (consumo dos clientes ás portas, adquirindo as bebidas mesmo cando o local está teoricamente pechado -coas portas pechadas, pero abrindo cando o requiren os clientes-). O concello non aclarou a súa forma de actuar ante iso. Ademais, non facilitou resposta ás denuncias.

5. Requirimos aclaración urxente sobre os extremos mencionados. O Concello de Ferrol nola remitiu e sinala o seguinte:

"... - Sobre a orde de suspensión da utilización do equipo de música (decreto do 17.11.2016), con data do 12.05.2017, a policía local emite informe no que indica que "no seguimento que se levou a cabo por parte de efectivos de este corpo policial dende o mes de novembro de 2016, non se detectou a utilización de equipo musical en ningún momento ata a data de hoxe".

- No que se refire á denuncia por clientes consumindo ás portas do local e cumprimento de horario, no día de hoxe remitiuse solicitude de inspección á policía local, para que se inspeccione (e no seu caso se abra expediente sancionador que corresponda).

- Sobre o estado de tramitación do expediente de reposición á legalidade RL 30/16, o mesmo incoouse con data do 17.11.2016 tendo como obxecto o exercicio da actividade de café-bar sen se axustar á licenza, debido ó uso de autofalantes, outorgando o prazo de audiencia de 15 días.

Debido ó tempo transcorrido, procede a resolución do expediente, ordenando que leven a cabo a legalización do equipo de música ou a retirada do mesmo axustándose á licenza de café-bar no prazo de 3 meses, de conformidade co artigo 152 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o que se lle notificará aos denunciante. De tódolos xeitos, a orde de suspensión deberá seguir en vigor, polo que se lle pasará á policía local para a inspección do cumprimento de dita orde.

En relación á legalización do equipo de música, consta expediente de licenzas OM 419/16, no cal ... solicita licenza para a colocación de autofalantes en dito local. Consta informe técnico favorable ó solicitado con data do 18.05.2017; debido a que a solicitante da licenza para a colocación de autofalantes non é a titular da licenza de actividade de café-bar (a titular é...), con data do 25.05.2017 requíriuselle á solicitante da licenza para que levara a cabo o cambio de titularidade preceptivo para poder outorgar a licenza de colocación de autofalantes como modificación da licenza de actividade concedida inicialmente a... A data de hoxe non se levou a cabo o cambio de titularidade.

Achégaselle copia da resolución do 17.11.2016, xa que como nos indica non lle foi achegada en informes anteriores”.

ANÁLISE

1. O concello comprobou que o establecemento ten licenza de bar, pero sen embargo funcionaba con altofalantes e por tanto con música, a pesar de que non podía facelo. Iniciou un expediente de reposición da legalidade e ordenou o cese do seu uso. Non iniciou expediente sancionador.

O responsable do local pediu o uso de música (altofalantes). O informe foi favorable, sen sinalar nada mais (insonorización e demais garantías, cambio da licenza a local con música – pub...- ...). O único que aprecia é que a solicitude para o uso da música se deu por unha persoa diferente ao titular da licenza, polo que reclamou que se subsanara.

O resto das cuestións seguen sen aclaración por parte do concello. Non aclara definitivamente o ruído na rúa, a continuidade do funcionamento despois do teórico peche, a transmisión do ruído as vivendas (o principal) e a falta de resposta ás reclamacións (en realidade denuncias -comisión de infraccións administrativa-). O concello so engade sobre o

indicado antes que a policía local informou en maio que "no seguimento ... non se detectou a utilización de equipo musical en ningún momento ata a data de hoxe". Dende entón transmitiuse solicitude de aclaración polas reiteradas queixas.

2. Entre tanto a afectada segue a queixarse pola falta de dilixencia para abordar o asunto. Indica que cando vai a policía nin tan sequera se baixa e non comproba o que denuncia, polo que non é de estrañar que a situación continúe. Poñe como exemplo o sucedido no pasado fin de semana, que sucedeu noutros moitos. Cansada, foi á policía local á 1.00 a queixarse da falta de actuación eficaz para abordar o problema (non se baixan, indican que deben ser eles os que baixen para dicirlles á policía que comproben dentro, non miden, non comprobaban a transmisión de ruídos e o resto das circunstancias...).

3. Non se aborda a corrección definitiva do aspecto máis grave que se denuncia, a violación do dereito fundamental á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (art. 18.1 e 2 CE). Non se garante o labor principal para abordar situacións deste tipo mediante comprobacións eficaces, sobre todo dos ruídos, e por tanto tampouco se coñecen as sancións que correspondan. Tampouco se aclara de forma concluínte e actualizada a posible permanencia das fonte de ruído prohibidas, os altosfalantes. Non se descartan, so se sinala que non se detectan, sen concretar que a comprobación se fixera de forma exhaustiva e actual, a pesar de tratarse dunha orde municipal e de que seguen as reclamacións.

4. As comprobacións das transmisións de ruídos ás vivendas deben facerse (é obrigado) cando tal cousa se denuncia por parte dos afectados, é dicir, no preciso intre en que o local está a prexudicarlles con niveis inadecuados de ruídos, cometendo con iso unha infracción administrativa. Esta comprobación debe facerse cando se da a denuncia, posto que noutro non ten sentido. Tal necesidade se deduce da natureza das licenzas dos locais, de funcionamento, o que obriga aos concellos a facer unha vixilancia continuada dos establecementos con licenza dese tipo.

5. A persoa que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no

artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Ferrol a seguinte recomendación:

Que con urxencia se comprobem de forma exhaustiva todas as circunstancias da queixa e que no seu caso se impida e corrixa (sancione) a transmisión de ruído á vivenda, o uso de música no local, o ruído ás súas portas e a continuidade do uso despois do peche; e que para o futuro se impida o uso de música (que se anuncia; informe positivo), posto que o local ten licenza de bar, polo que non debe ter música sen que previamente conta cunha nova licenza que garanta a insonorización e as demais condicións dos locais con música.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución, incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo